



MANIFESTO DO DÍA DO PEÓN 2016

Eu crieime bailando o peón, así lle chamamos na Terra Chá, na terra dos camiños e colléndoo na man para velo xirar ao tempo que os meus pés seguían a pisar a terra dos vieiros que me levaban á escola ou a unha casa á que me encomendaran que levara un recado. Arrolarlle a corda, lanzalo, collelo na man, tiralo ao ar para volver pillalo antes que chegara ao chan... facían máis curto o camiño. Aqueles eran os meus momentos de intimidade co xoguete, velo dar voltas nacidas da forza do meu brazo era para min como se fose dono dese mundo que me dixeran na escola que daba unha volta sobre si mesmo cada día. O meu peón era a Terra enteira, era como o lugar desde o que eu ollaba o Universo enteiro, porque, ás veces, desas encargas regresaba xa con noite e daquela eu gustaba de facer do meu corpo un peón que daba voltas mentres ollaba as estrelas no ceo claro das noites de agosto. Cando facía iso as estrelas eran faíscas de lume coma se todas elas fosen filantes que agoiraban o cumprimento dos meus desexos.

Os meus peóns eran todos artesáns feitos, o mais deles, por meu pai, ben equilibrados e con ferrollos de aceiro, aguzados e temíbeis. Permitídemme a fachenda de dicirvos que fun moi destro no manexo do peón, e non foron poucos os peóns adversarios que mostraron as vetas interiores da súa madeira despois de seren feridos polo meu.

Por iso un día, e para homenaxear a tan fermoso xoguete escribín o conto d' *O peón do avó* que aquí vos poño para lembrarvos que o peón, ese anaco de madeira torneada, contén a alma enteira da infancia de cadaquén, e sería unha gran perda para cada un de vós perder a oportunidade de habitar nela o tempo que dure, porque de agasallo deixaravos a lembranza de terdes xirando na vosa man o mundo enteiro.

O peón do avó era azul. Pintárao co que lle sobrara de pintar o batuxo de andar polo río. Nunca o tirei do peto diante dos amigos, rirían de min a gargalladas. Onte, ao vir do enterro, uns rapaces xogaban. Deitado no medio do círculo riscado na terra cun carabullo, un peón case novo. Podo? Arrolei a corda e lancei con forza. O peón azul do avó asubiou no ar e dirixiuse á barriga do dormente. Un estalo e abriuno ao medio coma unha mazá. Veu cara a miña man. Recollino bailando e sorrinlle ao avó.

Xabier P. DoCampo
11 de novembro de 2016